



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE ASTORGA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLÚIDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Astorga,

30 NOV. 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Jesús Fernández González, actuando en representación da Diocese de Astorga, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuir ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como



de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Astorga ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Astorga para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio



cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.



Terceira.- Obrigas da Diocese de Astorga

Pola súa banda, a Diocese de Astorga comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, poñeráo no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas



xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurridas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,



Román Rodríguez González



Jesús, Obispo de Astorga

O bispo da Diocese de Astorga

Jesús Fernández González

ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A DIOCESE DE ASTORGA

BEN: Santuario de Nosa Señora das Ermidas
SITUACIÓN: As Ermidas, O Bolo (Ourense)
PROTECCIÓN: O Santuario de Nosa Señora das Ermidas foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento polo Decreto 75 do 20.04.2006 (DOG núm. 87 do 8.05.2006).

ACTUACIÓN: Obras restauración na igrexa, soportais da Casa da Administración e zona para visitas públicas no Santuario de Nosa Señora das Ermidas (expte. SAR-2021-0081)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 556.267,61 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN: 5 meses

DESCRICIÓN:

O Santuario da Nosa Señora das Ermidas atópase situado entre os macizos das serras de Queixa, do Eixo e de San Mamede, nunha profunda garganta do río Bibei e próximo a unha das antigas rutas de penetración en Galicia, a Vía Romana de Astorga a Ourense, non lonxe do cruzamento coa Vía de Braga a Astorga.

Goza dunha situación privilexiada, localizada nun anfiteatro natural que realza a súa arquitectura barroca, xa que os edificios que compoñen o santuario aséntanse nun reborde abrupto da empinada montaña, sobre unha plataforma artificial escavada na rocha viva desde a que se domina a ribeira encaixada pola que discorre o Bibei.

As Ermidas, célebre pola súa milagreira imaxe, converteuse desde antigo nun importante lugar de peregrinación, sobre o que se erixiu a primeira igrexa, unha sinxela ermida, a fins da Idade Media.

O bispo de Astorga D. Alonso Messia de Tobar no ano 1622 converteuse no principal mecenas da imaxe impulsando as obras do actual santuario mariano. Iníciase no primeiro cuarto do século XVII a construción da primeira igrexa dunha soa nave con cabeceira rectangular (posiblemente sobre unha ermida medieval xa existente, de San Mauro), unha casa para o administrador do santuario e un mesón para os peregrinos. Do antigo santuario medieval consérvanse dous elementos importantes, os canzoros que hoxe se sitúan na "portada" da escalinata que une o atrio coas dependencias habitacionais: casa da Administración e casa de Hospedaría.

Na fase moderna (XVII-XVIII) prodúcese a grande transformación da pequena igrexa medieval no grande complexo cultural que terminará sendo o santuario. Derrúbase a igrexa medieval, edifícase unha igrexa dunha nave, iníciase a construción da casa da Administración e dun mesón.

Durante o pontificado de Frei Nicolás de Madrid amplíase a planta do templo, engádeselle cabeceira (capela maior), cruceiro e media laranxa e continúaase co plan orixinario da casa da Administración.

Tamén se amplía o atrio que bordea o santuario dende a fachada leste ata a montaña oeste. O atrio complétase cun arco que une a igrexa coa montaña. Neste momento é cando se comeza a configurar o actual paisaxismo da zona caracterizado polos socalcos de vide e oliveira.

Na fase contemporánea (XIX-XX) o santuario sofre tres desamortizacións quedando reducidas as propiedades aos terreos nos que se enclava o complexo cultural e as leiras da contorna.

+ Jesús, Obispo de Astorga





No século XIX o centro de culto convertírase pouco a pouco nun centro cultural ata chegar a ser Seminario Menor da Diocese de Astorga (1945-50) o que implica a ampliación con novas construcións que dan acollida ás necesidades docentes.

No ano 1909 sufriu un derrube na ladeira como consecuencia das fortes chuvias.

O comedor de San Felipe Neri (edificio destinado a comedor, casa dos pobres e patio) tamén desaparece por mor das chuvias de decembro de 2002.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

As necesidades que se pretenden cubrir co contrato son as que seguen:

- Mellorar as condicións de estanquidade da cuberta.
- Eliminar as patoloxías existentes na fachada e torres da igrexa.
- Eliminar as patoloxías existentes na fachada dos soportais da Casa da Administración.
- Recuperar o espazo orixinal dos soportais da Casa da Administración.
- Mellorar as infraestruturas das visitas culturais coa dotación de aseos.
- Mellorar a accesibilidade na Horta das Olivas.
- Investigar a canalización histórica do santuario e a natureza do terreo no adro norte.

A realización da obra resolve as necesidades descritas acometendo os traballos necesarios para resolver as patoloxías detectadas, poñer en valor o monumento e mellorar as condicións de accesibilidade e confort das visitas culturais.

O proxecto define unha actuación para resolver as patoloxías mais urxentes do edificio derivadas dunha problemática específica, fundamentalmente de factores ambientais e antrópicos, que xera problemas concretos e localizados no edificio que compre solucionar para garantir a conservación do ben e evitar a súa deterioración inmediata.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para acadar os obxecto do contrato comprenden:

- Reparación de limas de zinc na cuberta.
- Reparación do enlousado en mal estado na cuberta da igrexa.
- Tratamentos diversos de limpeza nas fábricas da igrexa e casa da Administración.
- Renovación de rexuntados nas fábricas da igrexa e casa da Administración.
- Eliminación de cemento e elementos alleos á fábrica, consolidación de placas e fisuras e eliminación de sales na fábricas da igrexa e casa da Administración.
- Traballos de cantería na restauración da bóveda plana da Torre do Evanxeo.
- Eliminación das estruturas de formigón e desmontaxe das reixas e vidros existentes nos soportais da Casa da Administración.
- Execución de novas estruturas metálicas para soporte dos Vía Crucis.
- Renovación dos vidros existentes.
- Restauración de carpinterías.
- Dotación de iluminación.
- Acondicionamento integral para aseos.

+ Jesús. Olivo de Astorga



BEN: Igrexa de San Pedro de Correxais

SITUACIÓN: Vilamartín de Valdeorras (Ourense)

PROTECCIÓN: A igrexa de san Pedro na parroquia de Correxais no Concello de Vilamartín de Valdeorras está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilamartín de Valdeorras do 193.12.2013 (BOP 30.01.2014) coa clave AR-07. Tamén se recolle no Plan Básico Autonómico coa clave Vilamartín de Valdeorras_39786.

ACTUACIÓN: Restauración de bóvedas da cruzaría elaboradas en madeira das capelas laterais do cruceiro da igrexa de San Pedro de Correxais (expte. SAR-2019-144)

INVERSIÓN ESTIMADA: 125.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN: 5 meses e medio

DESCRICIÓN:

A igrexa atópase nun recinto pechado cunha soa entrada na súa cara leste e para acceder é necesario sortear unha pequena escalinata de oito chanzos de lousa. Para acceder ao templo, existen dúas portas orientadas cara o leste e o norte.

As bóvedas atópanse situadas nas capelas laterais da nave principal orientadas en dirección leste-oeste.

A planta que inicialmente era de cruz latina transformouse nunha de tres naves: unha principal cunha cabeceira rectangular e dúas laterais coas capelas de fondo.

Cada capela ten ademais dous retablos de diferentes dimensións, destacando o da capela leste que representa o Calvario, que presenta as maiores dimensións e se atopa en contacto directo coa bóveda.

A orientación da igrexa non segue a norma de este tipo de construcións, que sitúan a cabeceira cara o leste. A edificación realizouse en dirección norte-sur cunha desviación duns 30º cara o oeste.

A capela do Evanxeo ten un elemento diferenciador da capela oposta (da Epístola). Unha apertura en forma de cruz que ocupa o centro da fachada que permite a entrada de mais luz no seu interior.

Actualmente o templo é a única construción de carácter relixioso que queda en pé integramente. Esta forma parte dun conxunto arquitectónico mais grande (antigo convento dos Trinitarios Descalzos), cuxas ruínas situadas cara o noroeste aínda se poden apreciar imponentes cos seus altos muros orientados de cara o val de Valdeorras.

O nacemento da Descalcez Trinitaria débese principalmente a San Xoán Bautista da Concepción (1561-1613). A partir deste momento convértese nunha orde relixiosa completamente independente da antiga observancia (os calzados).

A Descalcez Trinitaria é española pola súa orixe e formas, pero sobre todo pola súa vinculación ao reino de España, como se desprende de numerosos documentos pontificios.

Foi o conde de Ribadavia, don Álvaro Sarmiento de Mendoza, o 29 de outubro de 1968, quen concede a licenza dos Trinitarios para que se establezan en Valdeorras.

Faise referencia ao ano 1727 como a data na que o convento comezou o seu funcionamento, nacente a idea de abril en 1707, na zona de Calabagueiros, pero retomando a idea de abril na súa situación actual no ano 1720.

+ Jesús, Obispo de Astorga





XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A inestabilidade estrutural máis grave atópase na bóveda da capela leste, a cal presenta roturas en tres dos catro nervios cruzeiros o principais. Estas roturas desencadearon a aparición de desaxustes e deformacións que aumentan a tensión das unións convertendo estas en puntos críticos.

As táboas que forman parte dos plementos atópanse parcialmente soltas dos nervios, forzadas pola nova curvatura do arco, deixando entrever os perfís de ensamblaxe e nalgúns casos a acumulación de escombros nas zonas de arranque.

A colocación do retablo do Calvario xogou un papel importante na modificación estrutural da bóveda sendo necesario buscar a solución a este problema polo que é fundamental recuperar os nervios formeiros desta lado para dar maior estabilidade a toda a armadura.

Na capela oeste o que mais chama a atención é a perda dos elementos que formaban parte das esquinas (ménsula e peza de arranque) colocando no seu lugar pontóns en vertical, apoiados sobre a cornixa da columna e nun oco no muro que quedou á vista tras a retirada da ménsula. Foi probable a súa perda por ataque de térmites xa que se atoparon restos de galerías en nervios orientados cara esta zona.

Esta bóveda tamén presenta problemas estruturais pero máis asociados a desprazamentos que a roturas. Os puntos de arranque das esquinas están desprazados considerablemente, modificando a nova situación estrutural e provocando a aparición de fendas e oquedades paralelas aos arcos formeiros.

As diferentes alteracións de tipo estrutural en combinación cos axentes medioambientais causaron deterioracións e perdas da policromía ao longo de toda a superficie das bóvedas. A deterioración acentuouse nos períodos en que ambas estruturas sufriron problemas por filtracións de auga provocando decoloracións, levantamentos e desprendementos de policromías, aumento de activación de fungos de podrencia, cambios cromáticos e aparición de manchas, perda de aglutinante, acumulación de sucidade e po, colocación puntual de parches de tea, fendas e fisuras orixinadas ante a perda de flexibilidade da capa pictórica...

Coa intervención nas bóvedas preténdese dar importancia aos datos e informacións que pode achegar cada elemento construtivo da obra. Por iso será necesario actuar na súa estrutura e policromías co fin de evitar a súa deterioración e potenciar o seu valor artístico e histórico, mantendo o seu uso relixioso e fomentando a súa divulgación turística de tipo cultural.

+ Jesús Olivo de Astorga

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

1. TRABALLOS PREVIOS

- Acondicionamento da zona de traballo con filme de polietileno e protección dos retablos.
- Retirada dos seguintes elementos da capela oeste: confesionario, imaxes do retablo do Calvario e do retablo do Rosario, imaxe de San Xoán de Mata.
- Retirada dos seguintes elementos da capela oeste: imaxes do retablo de San Miguel, do retablo da Virxe e imaxe de San Félix de Valois.
- Retirada do retablo camarín con Neno Xesús da zona entre capela oeste e cruceiro.

Instalación de medios auxiliares en cada capela, toma de mostras para analíticas, identificación de especies de fungos, monitorización do ben para o seguimento das condicións ambientais (dataloggers), realización de mapas descritivos, mapas de patoloxías, mapas de intervención e





estudo histórico por historiador especialista.

- Sentado puntual da policromía con cola de esturión ao 2,5% en auga destilada e espátula quente, protección da policromía antes da desmontaxe naquelas pezas que requiran ser desmontadas con ciclododecano, desmontaxe e siglado de pezas soltas, desmontaxe do ático do retablo do Calvario (capela oeste) co fin de ter acceso aos plementos da bóveda, apertura de ocos de acceso a zonas do extradós para actuar en puntos conflictivos como para limpeza de sucidade e escombros acumulados, limpeza inicial de forma mecánica con brochas suaves e aspiración controlada no intradós e con espátulas, recolletores e brochas no extradós.
- Retirada de instalación eléctrica que estea en contacto directo coa obra e revisión da instalación activa para reconducila de forma eficaz e segura.

2. INTERVENCIÓN ESTRUTURAL E CONSTRUTIVA

- Reforzo puntual dos nervios antes dos traballos de desmontaxe garantindo a estabilidade da estrutura ao traballar nas zonas de arranque e nos nervios danados, mediante puntais telescópicos, tubos de aceiro sen costura ou perfís estruturais laminados, vigas , pontóns e tablóns de madeira seca.
- Reparación dos nervios con roturas mediante encolados con Vinavil 59 e cosidos con espigos de madeira ou fibra en función das necesidades de resistencia, realización de enxertos con madeiras de igual características que a orixinal, revisión e reparación de claves principais e intersección de nervios mediante enxertos ou substitución de cabezas, reconstrución parcial de pezas que presenten perdas de soporte tomando como referencia os restos da peza orixinal, exame dos nervios que presenten gretas e reforzo mediante pegados e cosidos da zona afectada, reprodución en madeira de castiñeiro curada de elementos perdidos como puntos de arranque, nervios e partes de plementería tomando como referencia partes orixinais da obra.

3. MÉNSULAS E PUNTOS DE ARRANQUE

- Supervisión e axuste do sistema de apuntalamo antes dos traballos de extracción, intervención en ménsulas e puntos de arranque de xeito ordenado e sen intervir ao mesmo tempo en máis dunha esquina.
- Eliminación de recheos de xeso e morteiro que cobren as cabezas das ménsulas mediante métodos de tipo mecánico como microcinceis, espátulas e brochas.
- Limpeza da superficie con brochas, punzóns, bisturís, espátulas e aspiración controlada, exame visual por se houberse indicios de ataque activo de térmita, substitución parcial de perdas a causa de podremia biolóxica mediante enxertos con madeira de castiñeiro para perdas de gran tamaño e con resina epoxi para perdas máis pequenas.
- Desinsectación con produtos a base de piretroides, tratamentos de consolidación con resinas acrílicas tipo Paraloid, preparación dos ocos da parede mediante morteiro de cal para a recolocación de ménsulas e puntos de arranque. As partes que vaian embutidas no muro illaranse con malla antitérmita ou encaixado metálico con arestas seladas e sistema de aireación mediante cuñas.

4. REFORZO INTERIOR DA ESTRUTURA

Reforzo dos nervios do cruceiro mediante apuntalamo permanente na zona do extradós, mediante catro pontóns en madeira de castiñeiro entre os muros e a parte superior de cada nervio.

5. INTERVENCIÓN EN PARAMENTOS

+ Jesús Olivo de Arango



- Consolidación, revoco e encalado da zona próxima ás bóvedas.

6. INTERVENCIÓN EN SOPORTE

- Desinsectación con biocidas de carácter preventivo e curativo a base de piretroides (Xylamón T), consolidación mediante resinas acrílicas tipo Paraloid B72 en xileno. Nas zonas que estean moi debilitadas polo ataque de térmita empregárase unha pasta inxectable de Paraloid B72 en acetona ou xileno ao 8-10% combinada con microesferas de vidro (50% en volume), ou cunha resina epoxídica tipo Balsit mediante inxección e a un máximo de dilución do 15% en alcohol.

- Tratamento de elementos metálicos mediante taninos e capa de protección con verniz acrílico tipo Paraloid.

- Reintegracións volumétricas mediante enxertos de madeira de castiñeiro para perdas de gran tamaño que non afecten á policromía, resina epoxi para perdas de menor tamaño que estean próximas á policromía, madeira de balsa e Vinavil 59 para gretas.

7. INTERVENCIÓN NA POLICROMÍA

- Limpeza en seco e de xeito mecánico mediante gomas de borrar non graxas ou esponxas de látex vulcanizado brandas, eliminando os restos con brochas suaves, evitando en todo caso tratamentos con disolucións acuosas.

- Fixación da policromía mediante colas orgánicas (cola de esturión).

- Reintegración da capa de preparación mediante xeso e cola de coello. Reintegración da policromía con acuarelas empregando técnicas discernibles. As manchas de taninos absorbidas por todos os estratos da policromía poderanse romper nos seus contornos empregando a técnica do puntillismo.

8. MONTAXE FINAL

- Montaxe da plementería de arriba cara abaixo debido ao tipo de ensamblado a media madeira

- Montaxe do retablo do Calvario tendo en conta a separación entre bóveda e retablo.

+ Jesús, Obispo de Astorga

